



1  
2  
3  
4  
5  
6  
7  
8  
9  
10  
11  
12  
13  
14  
15  
16  
17  
18  
19  
20  
21

**PARTIDO NACIONALISTA GALEGO**

**PARTIDO GALEGUISTA**

***Relatório de Estatutos***

**VIII CONGRESO NACIONAL**

***“Facendo un País para todas/os”***

Ourense, 25 de setembro de 2011.

22

## 23 **TITULO PRELIMINAR**

### 24 **Declaración de Principios.**

25

26 1.- O Partido Nacionalista Galego - Partido Galeguista, asume que GALIZA é  
27 unha NACION e postula como dereito inalienábel do pobo galego a SOBERANÍA  
28 NACIONAL e a súa AUTODETERMINACION.

29

30 2.- O Partido Nacionalista Galego - Partido Galeguista defínese como partido  
31 nacionalista de integración de todos os sectores SOCIAIS de nación galega.

32

33 3.- O P.N.G.-P.G. defende una acción política pensada para as persoas, na  
34 que a liberdade de mercado sexa complementada pola intervención dos  
35 poderes públicos que garantan a solidariedade e o benestar da cidadanía,  
36 especialmente dos máis desfavorecidos.

37

38 4.- O P.N.G. - P.G. afunde as súas raiceiras no galeguismo histórico asumindo  
39 as seguintes formulacións:

40

41 1.- O home é unha individualidade integral en liberdade, dotada de  
42 capacidade creadora de seu para se realizar como persoa no seo da sociedade  
43 na que se integra solidariamente,contribuíndo a dinamizala e desenvovela.

44

45 2.- A sociedade galega non é unha totalidade unitaria, senón unha realidade  
46 de tendencias plurais confluíntes para un destino común, de liberdade,  
47 xustiza e progreso pola vía do autogoberno.

48

49 3.- O desenvolvemento económico coma canle de realización persoal e como  
50 obxectivo das iniciativas deberá xogar, tamén, un rol importante na mellora  
51 do progreso social . O P.N.G. - P.G., entende que os poderes públicos teñen a  
52 responsabilidade de corrixir os desequilibrios socioeconómicos resultantes. En  
53 tal sentido promoverá a creación de institucións económicas e financeiras

54 precisas para conseguir o mellor aproveitamento dos recursos materiais e  
55 humanos.

56

57 4.- O P.N.G.- P.G. entende que é urxente a construción dunha Galiza  
58 integrada, a través da vertebración política, económica e social do País. De  
59 cara a superar a secular dependencia, entendemos necesario no momento  
60 actual, dende a legalidade vixente, a transformación do Estado Español nun  
61 estado plurinacional, pluricultural e plurilingüe así como tamén a necesidade  
62 de eliminar as lacras tradicionais de paro encuberto, desequilibrio territorial,  
63 desmantelamento industrial, atraso agrícola, e o da emigración.

64

65 5.- Dende o PNG-PG apostamos pola economía produtiva e sostíbel, coma  
66 ferramenta necesaria de consolidación e crecemento do estado do benestar.

67

68 6.- O P.N.G. - P.G. considera que a formación humana e a especialización  
69 técnica, representa o máis valioso potencial do País. Neste senso dedicará  
70 unha especial atención ao ensino en todos os seus niveis , así coma aos  
71 esforzos de investigación científica encarados ao desenvolvemento dos  
72 recursos autóctonos en todos os ámbitos. As Universidades Galegas deberán  
73 asumir un papel fundamental na formación integral e na formación  
74 especializada, acorde coa vocación natural das áreas onde asenta os seus  
75 centros docentes.

76

77 7.- O P.N.G. - P.G. asume a defensa do medio ambiente natural como  
78 elemento fundamental do benestar social e da calidade de vida da poboación  
79 galega. Neste senso promoverá a creación de institucións de investigación e  
80 conservación para establecer os límites dunha explotación racional que non  
81 atente contra o patrimonio natural.

82

83 8.- O P.N.G. - P.G. defende unha política de paz e diálogo nas relacións  
84 internacionais.

85

86 9.- Consonante coa súa filosofía, o P.N.G. - P.G. porá especial atención na  
87 defensa das liberdades individuais e colectivas da cidadanía, na participación

88 democrática da cidadanía, na igualdade de oportunidades para todas e todos  
89 no respecto á diferenza.

90

91 10.- No PNG-PG acreditamos na integración dos inmigrantes e rexeitamos  
92 calquera forma de racismo e xenofobia.

93

94 11.- Para o PNG-PG é fundamental fomentar no noso País unha sociedade civil  
95 forte, que posibilite novas formas de participación democrática, que  
96 favorezan o diálogo e a comunicación coas institucións.

97

98 12.- O idioma e a cultura galega son, por excelencia, os signos que identifican  
99 a nosa Nación. O P.N.G. - P.G. promoverá e traballará na restauración, de  
100 maneira eficaz e consensuada, do prestixio que a ambos corresponde.

101

102 13.- Dende o PNG-PG asumimos como propia a tarefa de afondar na  
103 colaboración en todos os eidos, con todos os pobos de dentro e de fóra do  
104 Estado español, especialmente cos lusófonos cos que compartimos  
105 proximidade territorial e cultural.

106

### 107 **Disposicións Xerais**

108

109 **Art. 1º.-** O Partido Nacionalista Galego - Partido Galeguista é un partido  
110 nacionalista, democrático, humanista e progresista, que defende a liberdade  
111 individual dos galegos e galegas, tendo como norma básica de convivencia a  
112 actitude democrática, dialogante e solidaria e ten coma obxectivo a defensa  
113 dos intereses da Nación Galega. Sendo o seu ámbito de acción política a  
114 Nación galega articulándose organicamente en base ás agrupacións de Zona e  
115 Locais.

116

117 **Art. 2º.-** O Partido rexerase, na súa actuación, polo disposto nos presentes  
118 Estatutos e nos Regulamentos que os desenvolvan.

119

120 **Art. 3º.-** É obriga da militancia manter unha perfecta sintonía coa sociedade  
121 galega e recoller o latexo popular, con todas as tendencias enriquecedoras

122 dos principios ideolóxicos e políticos do Partido, e trasladalas aos órganos de  
123 debate interno para concretar tales tendencias en acción política, por vía dos  
124 diversos órganos executivos e resolución nos diferentes niveis de  
125 representación.

126

127 1.- O CONGRESO NACIONAL é o máximo órgano de debate e decisión do  
128 Partido, sendo as súas conclusións o corpo doutrinal do Partido, tendo que ser  
129 asumidas, respectadas e defendidas pola militancia do Partido. O CONGRESO  
130 NACIONAL está constituído por toda a militancia ou representantes  
131 democraticamente electos pola mesma.

132

133 2.- O CONSELLO POLITICO NACIONAL é o máximo órgano de debate e decisión  
134 política entre congresos e está constituído por representantes da militancia.

135

136 3.- A CONVENCIÓN NACIONAL é un órgano de debate e formación aberto á  
137 militancia e simpatizantes do Partido cuxas conclusións servirán de  
138 orientación e asesoramento á afiliación e a todos os órganos de dirección do  
139 P.N.G. - P.G .

140

141 4.- O COMITÉ EXECUTIVO NACIONAL, baixo a presidencia do Secretario Xeral  
142 ten que transformar en acción política o mandato Congresual e as liñas  
143 políticas acordadas polo CONSELLO POLÍTICO NACIONAL.

144

145 5.- As AGRUPACIÓNS de ZONA, e LOCAIS conforman as estruturas  
146 organizativas de base do Partido.

147

148

149

150 **TITULO I: DOS AFILIADOS, COLABORADORES E SIMPATIZANTES.**

151

152

153 **CAPITULO PRIMEIRO: A AFILIACIÓN.**

154

155 **Art. 4º.-** Para ser afiliado do Partido Nacionalista Galego - Partido Galeguista  
156 son necesarios os seguintes requirimentos:

157

158 1.- Ser maior de idade.

159

160 2.- Non estar afiliado a ningún outro partido político ou corrente organizada  
161 equivalente ao mesmo. Exclúense da consideración de partidos as  
162 organizacións políticas específicas de formulación nacionalista aínda que  
163 estean formalmente rexistradas como partido das que poida ser parte  
164 integrante o Partido Nacionalista Galego - Partido Galeguista como tal.

165

166 3.- A solicitude de afiliación ao Partido implica:

167

168 3a.- Cumprimento dos presentes Estatutos e Regulamentos que os  
169 desenvolvan.

170

171 3b.- Aceptar, defender o seu ideario e as decisións dos órganos de dirección  
172 do mesmo.

173

174 3c.- A defensa política, no ámbito público, dos integrantes do Partido.

175

176 4.- Contribuír economicamente a sostelo conforme coas cotas e criterios que  
177 estableza o CONSELLO POLÍTICO NACIONAL.

178

179 5.- Ser avalado por dous militantes do PNG - PG cun ano de antigüidade no  
180 partido.

181

182 **Art. 5º.-** Toda a afiliación ao P.N.G. - P.G. ten iguais dereitos e obrigas.

183

184 1.- Son dereitos da afiliación ao P.N.G. -P.G.:

185

186 a) .- Participar con voz e voto na actividade orgánica interna do Partido

187

188 b) .- Ser elector e/ou electo para asumir responsabilidades políticas e  
189 executivas nos órganos de dirección do Partido de conformidade co que  
190 dispoñan as normas Estatutarias e Regulamentarias.

191 Para poder ser electo para un cargo a nivel nacional ou de zona será preciso  
192 ter no Partido a antigüidade dun ano, e de seis meses para cargos de ámbito  
193 Local.

194

195 c) .- A representación do Partido nas responsabilidades e cargos para os que  
196 resultase electo.

197

198 d) .- A libre e democrática expresión a través dos órganos do Partido, así  
199 como utilizar os servizos da organización.

200

201 e) .- Recibir a información da actividade do P.N.G.- P.G.

202

203 2.- Son obrigas da afiliación do P.N.G. - P.G.:

204

205 a) .- Participar nas actividades do Partido, realizar os traballos que sexan  
206 encomendados e asistir ás xuntanzas orgánicas do Partido e actividades  
207 públicas do mesmo.

208 b) .- Promover e manter o debate solidario defendendo publicamente os  
209 acordos resultado do mesmo.

210 c) . - Defensa política, no ámbito público, de calquera militante do Partido e  
211 das decisións dos seus órganos de dirección.

212

213 d) .- Apoiar a política do Partido así coma aceptar e cumprir as decisións dos  
214 órganos de dirección.

215

216 e) .- Manter o segredo e consabida discreción dos debates e contidos das  
217 xuntas dos órganos de dirección do Partido.

218

219 f) .- Aboar puntualmente as cotas que fixe o órgano de dirección  
220 competente. Os cargos públicos deberán aboar unha cota especial, fixada por

221 acordo do COMITÉ EXECUTIVO NACIONAL, dando conta ao CONSELLO POLÍTICO  
222 NACIONAL.

223

224 g) .- O exercicio do dereito ao voto da afiliación é indelegábel.

225

226 h) .- Non se permitirá a actuación en facción ou insolidaria da afiliación.

227

228 i) .- Non se permitirá a existencia de grupos ou fraccións dentro do Partido.

229

230 **Art. 6º.-** Pérdese a condición de afiliado ao Partido polas seguintes causas:

231

232 1.- Por decisión individual, comunicada por escrito perante un órgano de  
233 dirección competente.

234

235 2.- O incumprimento das obrigas definidas nos Estatutos ou Regulamentos que  
236 os desenvolvan.

237

238 3.- Incumprir os acordos dos órganos de dirección do Partido.

239

240 4.- Incumprimentos das responsabilidades políticas encomendadas.

241

242 5.- Facer declaracións no nome do Partido sen ter esa atribución.

243

244 6.- Facer declaracións públicas que descualifiquen política ou persoalmente a  
245 un integrante do Partido.

246

247 7.- Por falla de seis meses de pagamento das cotas sen causa xustificada  
248 previamente.

249

250 **CAPITULO SEGUNDO: OS COLABORADORES E OS SIMPATIZANTES.**

251

252 **Art. 7º.-** Teñen a consideración de colaboradores do PNG-PG aquelas persoas  
253 que sen seren militantes ofrécenlle apoio político e económico.

254



255 **Art. 8ª.**- Teñen a consideración de simpatizantes do PNG-PG aquelas persoas  
256 que sen seren militantes ofrécenlle soamente apoio político ou económico.

257

## 258 **TITULO II: DA ORGANIZACIÓN NACIONAL**

259

260

261 **Art. 9º.**- Son órganos de goberno do Partido de ámbito Nacional:

262

263 1.- CONGRESO NACIONAL

264

265 2.- CONSELLO POLÍTICO NACIONAL.

266

267 3.- COMITÉ EXECUTIVO NACIONAL

268

269 **Art. 10º.**- É órgano de debate, formación e orientación política do Partido a  
270 CONVENCIÓN NACIONAL.

271

272

### 273 **CAPITULO PRIMEIRO: O CONGRESO NACIONAL.**

274

275

276 **Art. 11º.**- O CONGRESO NACIONAL é o máximo órgano de debate e decisión do  
277 Partido. Son as súas funcións.

278

279 1.- Definir a política do Partido e establecer as súas liñas de actuación.

280

281 2.- Aprobar ou rexeitar a xestión dos seus órganos de goberno.

282

283 3.- Elixir o CONSELLO POLITICO NACIONAL, o SECRETARIO XERAL, Vice-  
284 SECRETARIO XERAL e demais integrantes do COMITE EXECUTIVO NACIONAL.

285

286 4.- Elixir o PRESIDENTE do PARTIDO que será quen presida o CONSELLO  
287 POLITICO NACIONAL.

288

289 5.- Elixir aos cinco integrantes da COMISION NACIONAL de GARANTIAS e  
290 REVISORA de CONTAS.

291

292 **Art. 12°.-** O CONGRESO NACIONAL está formado por

293

294 1.- Un representante de cada Agrupación Local.

295

296 2.- Un número de delegados fixados e distribuídos por zonas polo CONSELLO  
297 POLÍTICO NACIONAL de acordo con criterios de militancia.

298

299 3.- Son integrantes natos do CONGRESO NACIONAL os compoñentes do  
300 CONSELLO POLITICO NACIONAL e do COMITE EXECUTIVO NACIONAL así coma  
301 tamén os Parlamentarios nacionais, estatais ou europeos.

302

303 **Art. 13°.-** O CONGRESO NACIONAL reunirase con carácter ordinario cada tres  
304 anos a convocatoria do CONSELLO POLITICO NACIONAL, con adianto mínimo de  
305 un mes, que determinará a orde do día, data e lugar de celebración. O  
306 CONGRESO NACIONAL poderá ser convocado extraordinariamente por decisión  
307 política do CONSELLO POLITICO NACIONAL aprobada polas dúas terceiras  
308 partes do mesmo.

309

310 **Art. 14°.-** O CONGRESO NACIONAL elixirá, en listas abertas, unha MESA  
311 integrada por un PRESIDENTE, un Vice-PRESIDENTE, un SECRETARIO 1° e un  
312 SECRETARIO 2°. Unha vez elixida a mesa do CONGRESO cesan todos os órganos  
313 de dirección do Partido.

314

315 **Art. 15°.-** Rematado o CONGRESO NACIONAL no prazo máximo de dous meses  
316 renovaranse todos os Comités de ZONA e LOCALIDADE do Partido.

317

318

319 **CAPITULO SEGUNDO: O CONSELLO POLÍTICO NACIONAL**

320

321

322 **Art. 16°.-** O CONSELLO POLÍTICO NACIONAL é o máximo órgano de debate e  
323 decisión entre congresos. Estará presidido polo Presidente do partido e serán  
324 as súas funcións:

325

326 1.- Elixir, na súa primeira xuntanza após do CONGRESO NACIONAL, de entre os  
327 seus integrantes ao Vice-Presidente, Secretario e Vicesecretario do propio  
328 Consello.

329

330 2.- Elixir entre A MILITANCIA do Partido as vacantes que se produzan no  
331 Comité Executivo Nacional e na Comisión Nacional de Garantías e Revisora de  
332 Contas.

333

334 3.- Aprobar, se procedese, os orzamentos anuais do Partido.

335

336 4.- Orientar e controlar politicamente a xestión política do Comité Executivo  
337 Nacional.

338

339 5.- Aprobar, a proposta do Comité Executivo Nacional, a constitución formal  
340 das Agrupacións de Zona.

341

342 6.- Decidir as sancións disciplinarias para os integrantes do Partido.

343

344 7.- Convocar o CONGRESO NACIONAL.

345

346 8.- Aprobar os regulamentos que desenvolvan os presentes Estatutos.

347

348 **Art. 17°.-** O CONSELLO POLÍTICO NACIONAL estará integrado por:

349

350 1.- Presidente do Partido.

351

352 2.- Entre 15 e 20 conselleiros electos, en listas abertas, polo CONGRESO  
353 NACIONAL.

354

355 3.- Comité Executivo Nacional.

356

357 4.- Un Representante de cada Agrupación de Zona electo pola Asemblea de  
358 Zona respectiva.

359

360 **Art. 18°.-** O CONSELLO POLITICO NACIONAL reunirase ordinariamente unha  
361 vez cada seis meses, podendo ser convocado polo Presidente do Partido, o  
362 Comité Executivo Nacional ou a instancia de 1/3 dos seus integrantes, con  
363 fixación previa da orde do día, lugar e data de celebración.

364

365

366

### 367 **CAPITULO TERCEIRO: O COMITÉ EXECUTIVO NACIONAL**

368

369

370 **Art. 19°.-** O Comité Executivo Nacional órgano de responsabilidade  
371 colexiada, baixo a presidencia do Secretario Xeral, determina desenvolve e  
372 impulsa a política do Partido definida polo Congreso e Consello Político  
373 Nacional sendo as súas funcións:

374

375 1.- A representación política do Partido.

376

377 2.- Trasladar ao Consello Político Nacional a convocatoria da Convención  
378 Nacional.

379

380 3.- Elección, a proposta do Comité Executivo Nacional, dos integrantes da  
381 Convención Nacional do Partido.

382

383 4.- Decidir a Presidencia das xuntanzas da Convención Nacional.

384

385 5.- Facilitar o traballo político da Comisión Nacional de Garantías e Revisora  
386 de Contas e convocar a aquela por primeira vez.

387

388 6.- Garantir a dotación económica acaída para o normal funcionamento dos  
389 órganos de dirección e xestión do Partido.

390

391 7.- Manter Relacións con outras organizacións políticas e sociais.

392

393 8.- Manter ao día o Censo de militantes do Partido.

394

395 9.- Edición, Responsabilidade e Dirección dos medios de información do  
396 Partido.

397

398 10.- Realizar todas as actividades que fosen necesarias e acaídas para o  
399 cumprimento das fins políticas do Partido que non estean estatutariamente  
400 ou regulamentariamente reservadas a outros órganos do Partido.

401

402 11.- Aplicar preventivamente as medidas disciplinarias ás que houber lugar  
403 por razón de urxencia, suspensión de actos do Partido, suspensión de acordos  
404 dos órganos de Zona, Comarcal ou Local e suspender cautelarmente de  
405 militancia a calquera afiliado.

406

407 **Art. 20º.-** O Comité Executivo Nacional é o órgano responsábel da iniciativa e  
408 coordinación executiva do Partido. As súas deliberacións serán reservadas,  
409 levantarase acta dos seus acordos e incorporaranse os votos particulares que  
410 se formulen coa vontade de ficar recollidos.

411

412 **Art. 21º.-** O Comité Executivo Nacional estará integrado por un mínimo de 5 e  
413 un máximo de 9 membros entre os cales estará o Secretario Xeral que o  
414 presidirá e será o encargado da súa coordinación e dirección ademais de ser o  
415 representante legal do Partido e o Vice-Secretario Xeral.

416

417 **Art. 22º.-** O Comité Executivo Nacional manterá xuntanzas ordinarias coa  
418 frecuencia que o mesmo acorde, previa convocatoria do Secretario Xeral ou  
419 da metade máis un dos seus integrantes, téndose en calquera caso que indicar  
420 a orde do día, data e lugar de celebración da xuntanza.

421

422 **Art. 23º.-** O Comité Executivo Nacional establecerá as súas áreas de  
423 traballo, tendo que asumir, coma mínimo e de xeito obrigado, os eidos de

424 Organización, Finanzas, Formación, Implantación, Mocidade e Igualdade entre  
425 os seus membros.

426

#### 427 **CAPITULO CUARTO: A Convención Nacional**

428

429 **Art. 24°.-** A Convención Nacional é un órgano de debate aberto, formación,  
430 orientación política, e asesoramento do Partido, integrada polos cadros  
431 dirixentes do mesmo a por aquelas persoas que pola súa traxectoria política,  
432 profesional, etc. poidan ao entender do Comité Executivo Nacional  
433 enriquecer o labor e presenza socio - política do Partido.

434

435 **Art. 25°.-** A convocatoria da CONVENCION NACIONAL corresponde ao  
436 CONSELLO POLITICO NACIONAL previa iniciativa perante este do COMITE  
437 EXECUTIVO NACIONAL.

438

439 **Art. 26°.** - A CONVENCIÓN NACIONAL manterá cando menos unha xuntanza  
440 bianual.

441

442

### 443 **TITULO III: DA ORGANIZACIÓN TERRITORIAL**

444

445

446

447 **Art. 27°.-** O P.N.G. - P.G. estruturase organicamente en Agrupacións de Zona  
448 e Locais.

449

450

#### 451 **CAPITULO I: AS AGRUPACIÓNS DE ZONA E LOCAIS**

452

453

454 **Art. 28°.-** Tomando como base a realidade organizativa e operativa do  
455 Partido o CONSELLO POLITICO NACIONAL definirá a constitución de

456 Agrupacións de Zona que estarán integradas por diferentes localidades da  
457 Nación Galega.

458

459 **Art. 29º.** - Un mínimo de 10 afiliados conlevará a toma en consideración por  
460 parte do Consello Político Nacional da Constitución formal da Agrupación de  
461 Zona do Partido, previo informe motivado do Comité Executivo Nacional.

462

463 **Art. 30º.**- Son órganos da Agrupación de Zona: a Asemblea e Comité  
464 Executivo de Zona

465

466 **Art. 31º.**- A Asemblea de Zona ten as seguintes funcións:

467

468 1.- É órgano máximo de debate e decisión do Partido no seu ámbito.

469

470 2.- Elixir o Comité Executivo de Zona e o Secretario Xeral do mesmo ao abeiro  
471 do Regulamento de Organización do Partido.

472

473 3.- Coordinar e impulsar a acción política das Asembleas Locais.

474

475 4.- Propor ao Comité Executivo Nacional a constitución formal das Asembleas  
476 Locais sempre e cando haxa un mínimo de 2 afiliados na localidade.

477

478 5. - Elixir o representante da Agrupación de Zona no CONSELLO POLITICO  
479 NACIONAL.

480

481 6.- Aprobar ou rexeitar a xestión do Comité Executivo de Zona. Presentar voto  
482 de censura a proposto de 1/5 dos militantes, necesitándose a maioría absoluta  
483 dos mesmos para a súa toma de efecto.

484

485 7.- Cubrir as funcións propias das Agrupacións Locais en aqueles municipios  
486 onde non estiveran constituídas.

487

488

489 **Art. 32°.-** Nas diferentes localidades da Nación Galega poderase, ao abeiro  
490 dos presentes Estatutos, constituír Asembleas Locais, sempre e cando haxa un  
491 mínimo de 2 afiliados/as. Os órganos de dirección, e funcións das Agrupacións  
492 Locais son as mesmas que as das Agrupacións de Zona adaptadas o seu ámbito  
493 de actuación.

494

495

#### 496 **TITULO V: AS XUVENTUDES DO PNG-PG**

497

498

499

500 **Art. 33°.-**Impulsarase a creación dunha entidade xuvenil afín ao PNG-PG, cuns  
501 estatutos que deberán ser aprobados polo Consello Político Nacional e que,  
502 entre outras prescricións, fixaran a súa relación de colaboración co Partido.  
503 En caso de non existir esta entidade, haberá unha secretaría no Comité  
504 Executivo Nacional, coa responsabilidade sobre as xuventudes do Partido.

505

506

#### 507 **TITULO V: RÉXIME DISCIPLINARIO E ECONÓMICO**

508

509

510

511 **Art.34°.-** Terá consideración de falta de disciplina todo acto voluntario da  
512 afiliación, xa sexa individual ou colectivo, que supoña menoscabo da imaxe, e  
513 dignidade dos intereses do Partido ou de calquera dos seu integrantes; así  
514 como tamén que conculquen os Estatutos e Regulamentos, programas e  
515 demais normas vixentes do Partido: Tamén as actuacións que, mediante  
516 decisións, declaracións ou actividades resulten contrarias aos acordos ou  
517 decisións dos órganos do partido. A falta de disciplina será sancionada con  
518 medidas que poderán chegar a expulsión definitiva, previos trámites  
519 regulamentarios, sempre que así o decidan os órganos competentes.

520



521 **Art. 35°.-** O CONGRESO NACIONAL elixirá, en listaxe aberta, unha Comisión  
522 Nacional de Garantías e Revisora de Contas integrada por cinco membros que  
523 serán; 1 Presidente, 1 Secretario e 3 Vogais. A Comisión Nacional de Garantías  
524 e Revisora de Contas resolverá os expedientes instruídos ao abeiro dos  
525 presentes Estatutos e Regulamento de Conflitos. Sendo recorríbeis as  
526 decisións da Comisión perante o CONSELLO POLITICO NACIONAL.

527

528 **Art. 36°.-** Os integrantes da Comisión Nacional de Garantías e Revisora de  
529 Contas serán incompatíbeis cos seguintes cargos:

530

531 1.- Parlamentario, Deputado Provincial ou Concelleiro.

532

533 2.- Membro do Comité Executivo Nacional.

534

535 **Art. 37°.-** A iniciativa propia, a Comisión Nacional de Garantía e Revisora de  
536 Contas poderá auditar as contas do Partido así como tamén elevar informes  
537 sobre a situación e funcionamento no eido económico do PNG - PG, estando  
538 obrigados os órganos de dirección a telos en conta e tomar resolucións sobre  
539 estes de xeito inmediato.

540

541 **Art. 38°.-** Os integrantes da Comisión Nacional de Garantías e Revisora de  
542 Contas poderán ser elixidos como membros do CONSELLO POLITICO NACIONAL  
543 ou outros órganos a nivel de Zona ou Local pero no caso do tratamento ou  
544 debate en estes, de temas referidos a súa competencia, non poderán exercer  
545 dereito o voto.

546

547

### **DISPOSICIÓN FINAIS**

548

549

550 **Primeira:** as “lagoas” estatutarias ou regulamentarias serán cubertas por  
551 acordos do CONSELLO POLÍTICO NACIONAL previo informe da Comisión  
552 Nacional de Garantías e Revisora de Contas do Partido.

553

554 **Segunda:** a disolución do Partido Nacionalista Galego - Partido Galeguista  
555 producirase por acordo do CONGRESO NACIONAL, en xuntanza extraordinaria  
556 convocada ao efecto, con voto favorábel dos 4/5 dos presentes.

557

558 **Terceira:** Os bens do Partido, no suposto de disolución, se os houber, serán  
559 doados a unha institución galega da carácter cultural ou social que o propio  
560 CONGRESO NACIONAL acorde.

561

562 **Cuarta:** por decisión do CONSELLO POLÍTICO NACIONAL deberán constituírse  
563 grupos de traballo ou departamentos a nivel nacional sobre eidos específicos;  
564 como mínimo os relativoa a Economía e Empresa, Mocidade, Muller, Cultura e  
565 Educación, Medio Ambiente. Tamén poderán constituírse grupos de traballo  
566 sobre outras temáticas cando o demande a afiliación. Os responsables  
567 políticos dos distintos grupos serán os integrantes do Comité Executivo  
568 Nacional que o propio Consello acorde.

569

570 **Quinta:** para o crecemento e implantación do Partido o Comité Executivo  
571 Nacional poderá nomear en cada unha das provincias un Coordinador  
572 provincial.

573

574 **Sexta:** os presentes Estatutos entrarán en vigor no mesmo momento da súa  
575 aprobación polo CONGRESO NACIONAL.